



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

BANDO

CAMPAÑA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS: INFORMACIÓN SOBRE DISTANCIAS E XESTIÓN DA BIOMASA

José Marcote Suárez, Alcalde-Presidente do concello de Fisterra

FAI SABER QUE:

En aplicación da Lei 3/2007 da Xunta de Galicia de prevención e defensa contra incendios forestais, comunícase á obriga dos particulares (persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre terreos forestais en terreos situados nas zonas de influencia forestal), de xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rual e urbanizable delimitado, así como ao redor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, localizadas a menos de 400 do monte de acordo cos criterios de xestión da biomasa estipulados na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento (artigo 21). Ademáis, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei, é dicir: Piñeiro galego, Piñeiro silvestre, Piñeiro de Monterrei, Piñeiro de Oregón, mimosa, acacia negra, eucalipto, brecina, carqueixa, xesta, queiruga, fento, silva e toxo.

A limpeza total da maleza debería terse feito antes do 31 de maio (artigo 22).

No suposto de incumprimento das obrigas por parte das persoas responsables, os entes locais poderán notificarlles a súa obriga de xestión de biomasa vexetal, advertíndolles da posibilidade de execución subsidiaria no caso de incumprimento e sen prexuízo da posible instrución do procedemento sancionador que corresponda e da aplicación das multas coercitivas, se é o caso, segundo o procedemento establecido no artigo 22 da mencionada lei de incendios

Para máis información ao respecto poden contactar co Distrito V Vimianzo **881867370**

O que se fai público para xeral coñecemento

Fisterra, 31 de maio de 2018



O Alcalde

Asdo. José Marcote Suárez